



Galicia Escena PRO

Do 29 de maio
ao 1 de xuño de 2023
Santiago de Compostela

20
23

CATÁLOGO



XUNTA
DE GALICIA

LUNS 29

11.30 h
SALÓN TEATRO

Crisálida (50 min)
Caramuxo
Teatro

13.00 h
CENTRO OBRA SOCIAL ABANCA

Pitching (40 min)
Anõa. Elvi Balboa
Compañía. Xampatito Pato
Kyoki. Elefante Elegante
Monstros.
Produccións Teatrais Excéntricas
Nanai da China. Pérez&Fernández
Perder a lingua. Eva Comesaña
X. Fran Sieira, compañía de danza

16.30 h
TEATRO PRINCIPAL

Vaivén (50 min)
Marcia
Vázquez

18.00 h
SALÓN TEATRO

A nai (100 min)
Amorodio
Teatro

20.00 h
AUDITORIO ABANCA

Arraianos
(70 min)
Sarabela
Teatro

MARTES 30

11.00 h
SALÓN TEATRO

Solo (45 min)
Roi Borrallas

13.00 h
CENTRO OBRA SOCIAL ABANCA

Mesa
**A mediación cultural
nas artes escénicas.**
Proxectos e dinámicas

16.30 h
TEATRO PRINCIPAL

Mosca (60 min)
Ártika Cía.

18.00 h
AUDITORIO ABANCA

Bionic (50 min)
La Guajira

20.00 h
SALÓN TEATRO

Hamelin
(90 min)
Redrum
Teatro

22.30 h
SALA RIQUELA

**Concerto
Boleros
no Paraíso**
Paraíso Teatro

MÉRCORES 31

11.00 h
TEATRO PRINCIPAL

**Hasta que
la muerte
nos separe** (75 min)
Inconstantes
Teatro

12.30 h
PRAZA DE SAN
MARTÍÑO PINARIO

Alleo (15 min)
Colectivo Glovo
Vestirme de ti
(Estrea | 15 min)
Furia Sotelo

13.30 h | CENTRO OBRA
SOCIAL ABANCA

Pitching (40 min)
Birds on a Wire. Pistacatro
Deadpan Karaoke.
Ibuprofeno Teatro
Entrega en man.
Contraproducións
Frío. A Feroz
Iribarne. ButacaZero

16.30 h
AUDITORIO ABANCA

Outrora nós
(60 min)
Mevadeus

18.00 h
SALÓN TEATRO

Sofá (70 min)
Marta Alonso
Tejada Cía.

20.00 h
TEATRO PRINCIPAL

In-gobernable
(80 min)
Uxía Morán

22.30 h
SALA CAPITOL

**Concerto
Sonemerxente**
De Ninghures
+ Mondra

XOVES 1

11.00 h
FUNDACIÓN SGAE

**MULTIPERS-
PECTIVAS #2**
(45 min)
Paula Quintas Cía.

12.30 h
AUDITORIO ABANCA

3240 (70 min)
DeuVe

13.30 h | CENTRO OBRA
SOCIAL ABANCA

Mesa
**O circo e a danza
nas feiras e
circuíto estatais**

16.30 h
TEATRO PRINCIPAL

**Iphixenia
na porta
do súper** (75 min)
Compañía
Humana

18.00 h
AUDITORIO ABANCA

Backstage
(50 min)
NegroLópez

20.00 h
SALÓN TEATRO

**Unha inimiga
do pobo** (95 min)
Talía Teatro



Espectáculos

Galicia
Escena
PRO

20
23

Crisálida

Caramuxo Teatro

Luns 29 de maio | 11.30 h

Salón Teatro

Crisálida é o espectáculo número 25 da compañía, co que cumprimos 20 anos de traxectoria.

Con esta comedia queremos destacar a importancia do comercio tradicional nun mundo globalizado, cada vez máis dixitalizado, e facer unha homenaxe a este concepto de comercio que crea convivencia e comunidade.

Crisálida é un espectáculo de máscara, con catro actores e doce personaxes. Historias, e lugares, coma a da mercería Crisálida, máis baseadas nas relacións humanas e non só no beneficio económico, deben ser protexidas e recuperadas, porque, ademais, son parte da nosa historia e do noso patrimonio como seres humanos.

FAMILIAR, A PARTIR DE 7 ANOS

TEATRO DE MÁSCARAS

50 MINUTOS

Dramaturxia

Juan Rodríguez
Laura Sarasola Pontón

Dirección

Olga Margallo

Axudante de dirección

José Luis Eiroa Dovao,
"Sete"

Vestuario

Diego Valeiras

Escenografía

Diego Valeiras

Realización

escenografía
RTA

Deseño luz

Suso Jalda

Luz e son

Suso Jalda

Monicreque

Iker Pérez

Máscaras

Antía Ferrer

Banda sonora

Tito Barbeito

Fotografía

Nelson Corsino

Cartel

Carlos Comendador

Elenco

Josito Porto
Anahí Taraburelli
Juan Rodríguez
Laura Sarasola Pontón

Espectáculo
subvencionado pola
Axencia Galega das
Industrias Culturais

Colaboran a Deputación
da Coruña, Concello
da Coruña, Inaem,
Teatro Colón, TeVeo,
Escena Galega, ASSITEJ
España e La Crisálida

Nelson Corsino



A compañía

Caramuxo Teatro é unha compañía de teatro infantil e familiar nada na Coruña no ano 2003, dirixida por Juan Rodríguez e Laura Sarasola Pontón. Caramuxo crea espectáculos poéticos e visuais axeitados para gozar en familia, con especial responsabilidade co público máis novo. Dende os inicios mestura diferentes técnicas: teatro de actor, monicreques, danza...

A liña de traballo parte de ideas creativas elaboradas a partir da observación da vida, tratando de ser un referente de producións de calidade, creando espectáculos nos que se consideren aspectos didácticos a nivel cultural, ademais do artístico, que consigan a fidelización do público.

Contratación

Laura Sarasola Pontón

610 848 781
labla000@msn.com
www.caramuxoteatro.com

Juan Rodríguez Santiago

699 521 803
info@caramuxoteatro.net

Vaivén

Marcia Vázquez

Luns 29 de maio | 16.30 h

Teatro Principal

Vaivén é unha peza escénica de danza contemporánea que navega en mareas vivas. Tras a tormenta, o océano cospe á beiramar todo aquilo afogado na profundidade. A area está chea de restos inconexos de memoria. Será suficiente este corpo para reconstruíla antes de que volva subir a marea? Unha investigación que se mergulla nas vibracións, nas ondas sonoras e que reverbera, á súa vez, no océano interior das emocións.

ADULTO
DANZA CONTEMPORÁNEA
50 MINUTOS

Dirección
Marcia Vázquez

Coreografía e interpretación
Marcia Vázquez

Asistencia de movemento
Martín Los Arcos

Visuais
Marta Valverde

Iluminación
Violeta Martínez

Ambiente sonoro
Acacia Ojea

Vestuario
Marta García

Producción
Sabela Ramos

Distribución
Lilian Portela

Co apoio de La Faktoria
Choreographic Center,
Centro Coreográfico
María Pagés, Uharte
Zentroa e o Programa
Residencias Paraíso

Carlota Mosquera

A compañía

Marcia Vázquez (Vigo) é bailarina, creadora e xestora cultural. Comeza a súa traxectoria nas danzas urbanas, acabando finalmente na danza contemporánea e formándose en La Faktoria Choreographic Center.

O seu primeiro solo, *Onde pousa a humidade*, foi premiado no Festival DZM e seleccionado dentro do Certamen Internacional MASDANZA, en 2022. Estrea o seu primeiro espectáculo de sala, *Vaivén*, no Teatro Rosalía Castro.

Forma parte de *Bipedestrucción* e *El espacio que (no) habitamos*. Traballa en proxectos híbridos, con variedade de artistas, dentro da videodanza e o audiovisual. Marcia é unha artista inseparable da súa reivindicación persoal: corpo-comunidade, territorio-identidade.

Contratación

Lilian Portela - AMARELO
Distribución Escénica

610 106 808
lilian@amarelo.es
www.amarelo.es

A nai

Amorodio Teatro

Luns 29 de maio | 18.00 h

Salón Teatro

A nai é un espectáculo teatral multidisciplinario que emprega ferramentas do teatro documento e da autoficción, sen perder nunca o sentido do humor. O espectáculo explora, a través das figuras das irmás Lola, Julia e Amparo Touza, e das súas fazañas como salvadoras dunha cantidade estimada de 500 persoas durante o Holocausto, a posibilidade de sermos mellores persoas en tempos de degradación moral.

Empregando a memoria como ferramenta de análise para o presente, e material de construción para o futuro, trazaremos relacións entre a vida e obra das irmás e as nosas propias vidas, tratando de establecer un paradigma de acción ética que abra unha vía para construír unha sociedade mellor.

Recibiu o premio Luísa Villalta para proxectos en igualdade da Deputación da Coruña.

ADULTO
TEATRO DOCUMENTO,
AUTOFICCIÓN, COMEDIA
100 MINUTOS

Autoría
Laura Porto

Dirección
Marián Bañobre

Escenografía
As Dúas e Punto

Iluminación
Violeta Martínez

Vestuario
Raquel Crespo

Audiovisuais
Einibo

Grafismos
Xoán Bregoa

Elenco
Javier Castiñeira
Carmen Facorro
Raquel Velasco

Espectáculo
subvencionado pola
Axencia Galega das
Industrias Culturais

Colaboran os concellos de
Ribadavia, Rianxo, Caldas
de Reis e Santiago de
Compostela, e Confitería
SILA e Viña Costeira

Carlota Mosquera

A compañía

Amorodio Teatro é unha compañía emerxente galega composta por Carmen Facorro, Javier Castiñeira e Raquel Velasco. Estas tres intérpretes unen os seus camiños na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia, onde as inxerencias sociais da súa xeración as levan a conformar esta sinerxía teatral.

Amorodio é unha contradición en si mesma. Sempre lle damos valor ao de fóra, mentres desprestixiamos o de dentro. Nós pretendemos cambiar este sentimento para, antes de sentir a morriña, poder darnos o valor que a historia non nos deixou representar. Somos moito máis ca unha paisaxe, unha boa enchenta ou unha verbena. Pero, quen somos realmente?

Espectáculos



Contratación

Carmen Facorro
666 129 454
amorodioteatro@gmail.com
www.amorodioteatro.com

Arraianos

Sarabela Teatro

Luns 29 de maio | 20.00 h

Auditorio ABANCA

Arraianos é unha suma de relatos que estremecen e fan deambular por mundos nos que transitan o erotismo, o misterio, a miseria e a grandeza de alma e de vida. Historias de meigas, contrabando, caciquismo e agrarismo.

Cunha beleza inmensa e evocadora, Ferrín consegue reconciliarnos coa maxia da súa delirante maneira de describir o mundo. É na Raia Seca, mundo mítico, creado polo autor, onde viven personaxes posuídos polo pasado, polas paixóns, polo poder das supersticións e dos mitos. Ao redor dunha icona territorial, o monte Penagache. Na fronteira, liña invisible entre a Galicia interior e o norte de Portugal; onde se funden a realidade e a ficción; a vida e a morte. No límite da fantasía.

TODO OS PÚBLICOS

TEATRO

70 MINUTOS

Autoría

X. L. Méndez Ferrín

Dirección

Ánxeles Cuña Bóveda

Adaptación

Ánxeles Cuña Bóveda
Fernando Dacosta

Escenografía

Baltasar Patiño

Iluminación

Baltasar Patiño

Son

Vadzim Yuknevich
Renata Coddá Fons

Vestuario

Sarabela
Tegra V. Carpentier
Lele Álvarez

Dramaturxia do movemento

Rut Balbís

Máscaras e imaxes

Iris Branco

Distribución

Culturactiva

Elenco

Elena Seijo
Fernando Dacosta
Vadzim Yuknevich
Fran Lareu
Fernando González
Sabela Gago
Fina Calleja

Espectáculo

subvencionado pola
Axencia Galega das
Industrias Culturais

A compañía

Sarabela é unha compañía de creación, formación e organización de festivais. Defende un teatro de repertorio, de acción, emoción, experiencia poética e comunitaria. O seu proxecto soubo atraer e fidelizar o público con propostas que van desde autores clásicos e contemporáneos ata adaptacións que se achegan ás novas linguaxes.

Nos seus 42 anos, Sarabela foi construíndo un equipo sólido, unha experiencia teatral ategada de propostas recoñecidas con máis de 60 premios. Propón un teatro vivo, con equipos artísticos potentes e interlocutoras leais, espectadores que son a súa razón de existir e están ávidos por compartir paisaxes emocionantes, como unha necesidade imperiosa de nutrir a vida.



Contratación

Fina Calleja

629 860 580
fina.calleja@gmail.com
www.sarabelateatro.com

Érica Pereiro

622 434 488
info@culturactiva.org
www.culturactiva.org

Solo

Roi Borrallas

Martes 30 de maio | 11.00 h

Salón Teatro

Solo é un espectáculo onde se combinan monicreques, manipulación de obxectos, máscaras e, sobre todo, comicidade. Un espectáculo onde a cuarta parede está representada por un marco de espello que separa o artista da audiencia, a través do cal poderán ver este personaxe dar renda solta á súa imaxinación.

Coreografías faciais, máscaras con espuma de afeitar, óperas épicas... son algunhas das ferramentas que utiliza esta peza para, a través do humor, falar da soidade e das máscaras que todos poñemos a diario.

FAMILIAR
CLOWN, MONICREQUES,
TEATRO CON OBXECTOS

45 MINUTOS

Autoría
Roi Borrallas

Dirección
Joan Cot

Escenografía
Mina Trapp

Iluminación
Joan Cot

Son
Joan Cot

Vestuario
Piti Demore

**Acompañamento
artístico**
Toti Toronell

**Distribución
para Galicia**
Kandengue Arts

Elenco
Roi Borrallas



A compañía

Roi Borrallas comeza a facer teatro con 15 anos e con 21 debuta como pallaso nun circo tradicional. Alí coñece xente e aprende cousas. Cousas de circo, basicamente. Con esa xente e eses coñecementos crea varios espectáculos. Gana algúns premios, viaxa a algúns festivais, traballa nalgún circo, dirixe algo, toca algún instrumento, coñece máis xente e aprende máis cousas. Cousas de pallaso, basicamente.

Contratación

María Mariño - Kandengue Arts

698 147 660
kandenguearts@gmail.com
www.kandenguearts.com

Mosca Ártika Cía.

Martes 30 de maio | 16.30 h
Teatro Principal

Mosca é un xogo de nenos, algo que se pode converter nun pesadelo. A obra narra a historia de Pedro, un neno de dez anos que sofre acoso escolar. Pedro vese reflectido nos ollos de súa nai, de seu pai e da súa profesora en calquera instante da peza.

Anguriante e intensa, *Mosca* somérxese na vida dun neno e no que el sente sufrindo *bullying*, pero tamén no temor, nos prexuízos e no non saber que facer e como pode solucionar o contorno no que se desenvolve Pedro.

ADULTO
TEATRO
60 MINUTOS

Autoría
Gustavo del Río

Dirección
Gustavo del Río

Adaptación
Gustavo del Río

Escenografía
Gustavo Brito

Iluminación
Javier Quintana

Espazo sonoro
Gustavo del Río

Vestuario
Ártika Cía.
Gustavo del Río

Elenco
Fernanda Barrio Barcala
Martín Maez
Rocío Salgado

Espectáculo
subvencionado pola
Axencia Galega das
Industrias Culturais

Sr. Sagüillo



A compañía

Ártika Cía. é a compañía residente e xestora da Sala Ártika en Vigo, onde, a través do teatro, damos saída ás inquedanzas artísticas do equipo humano que a compón.

Dende o noso nacemento como compañía de teatro, levamos a cabo propostas escénicas comprometidas socialmente coa educación en valores e a cultura en galego. Queremos reivindicar o teatro como fonte de entretemento, producindo espectáculos enfocados a diferentes franxas de idade e que se caracterizan por unha posta en escena espectacular e emocional ao mesmo tempo.

Contratación

Rocío Salgado
627 165 468
artikacia@artikavigo.com
compañia.artikavigo.com

Bionic

La Guajira

Martes 30 de maio | 18.00 h

Auditorio ABANCA

Bionic é un encontro poético entre disciplinas, onde luz, son e movemento comparten universos. Inspirada na simbiose entre o biolóxico e o artificial, reflexiona sobre como a tecnoloxía nos seduce para mellorar as nosas vidas, sen quebrantar a capacidade humana de sentir. O corpo como colector de vivencias, que rexistra e memoriza fragmentos da vida, que desexa preservarse ante o inminente paso do tempo. Un corpo que pretende sobrevivir ao desgaste con segundas oportunidades. Nunha era onde a ciencia e a tecnoloxía poidan axudar a cubrir o deterioro físico ou mental, en defensa da perfección, como de afectado quedaría aquilo que nos identifica como humanos?

ADULTO
DANZA CONTEMPORÁNEA
50 MINUTOS

Autoría
Armando Martén
Ana Beatriz Pérez

Dirección
Armando Martén
Ana Beatriz Pérez

Espazo sonoro
Ismael Berdei

Iluminación
Octavio Mas

Espazo escénico
Suso Montero

Vestuario
Ruth D. Pereira
Santos Salgado

Voces en off
Rocío González
Xosé Barato

Ollo externo
Rut Balbís

**Fotografía
e vídeo promo**
Raquel Castro

Elenco
Ana Beatriz Pérez
Armando Martén
Ismael Berdei

Raquel Castro

A compañía

Somos Ana Beatriz Pérez 'Betty' e Armando Martén Caballero, creadores, coreógrafos, bailaríns de orixe cubana, pero coruñeses de acollida. Levamos 20 anos realizando o noso traballo artístico vinculado ao contexto galego, tanto no campo da formación como no da creación, especialmente vinculados á compañía Entremans.

La Guajira nace dentro do espazo de creación da peza *Bionic*. Aínda que danza e música vaian da man, non é tan común que unha compañía de danza teña como integrante un músico no propio núcleo. O método de traballo e a sintonía á hora de crear as nosas últimas pezas serviron de ensaio para poder ensamblar este novo proxecto. La Guajira é o punto de encontro entre estas dúas disciplinas, a música e a danza, irmandadas nun eixo común. O seu nome evoca un aroma insular, un ambiente familiar, amable, un terreo de libre creación, un roteiro cara á exploración e a aprendizaxe comúns. Un espazo que alberga verde na mirada.

Contratación

Ana Beatriz Pérez Enríquez
650 681 556
laguajira523@gmail.com
www.ciaentremans.com

Hamelin

Redrum Teatro

Martes 30 de maio | 20.00 h

Salón Teatro

"Era unha vez unha bela cidade chamada Hamelin. A cidade encheuse de ratas. Ata que alguén fixo soar unha fermosa música". A versión áspera do conto é máis verosímil e parécese máis ao mundo no que vivimos. No noso mundo, os nenos son os primeiros que pagan. Pagan os vicios dos maiores, as mentiras dos maiores. Neste sentido, o Hamelin que non sabe protexer os seus nenos é como moitas cidades do noso mundo. Mayorga aborda o tema da pederastia cunha linguaxe e escenas cheas de elipses, onde as cousas quedan aludidas, onde o espectador debe poñer da súa parte para interpretar, para imaxinar, para encher os silencios.

ADULTO

TEATRO

90 MINUTOS

Autoría
Juan Mayorga

Dirección
Alex Sampayo

Tradución
Alex Sampayo

Escenografía
Redrum Teatro

Iluminación
Carlos Álvarez-Ossorio

Axudante de dirección
Laura Míguez

Música
Fernando Epelde

Elenco
Machi Salgado
Guillermo Carbajo
Belén Constenla
Fran Lareu
Mónica García
Roberto Leal
Rubén Porto

Espectáculo
subvencionado pola
Axencia Galega das
Industrias Culturais

A compañía

Redrum Teatro somos unha empresa cultural dedicada á produción e distribución de espectáculos teatrais e edición de libros constituída no ano 2009. Dende a nosa fundación non paramos de producir espectáculos de diferentes formatos, sempre cun coidado concepto estético e artístico como selo persoal da compañía. *Hamelin* é a nosa décimo sexta montaxe teatral.

Contratación

Guillermo Carbajo
617 334 627
redrumteatro@gmail.com
www.redrumteatro.com



Vanessa Rábade

Hasta que la muerte nos separe

Inconstantes Teatro

Mércores 31 de maio | 11.00 h

Teatro Principal

No escenario, un actor, unha actriz e un músico. De idades parecidas, constrúen dous personaxes dos que entran e saen, unha parella que se separa tras una longa convivencia na que ambos soñaron acabar as súas vidas xunto ao outro. Pero teñen unha filla, que fai que a famosa frase do rito católico "ata que a morte nos separe" adquira todo o seu vigor.

O actor e a actriz falarán de amor, de costume, de diñeiro, de fillos, do pasado, presente e futuro; de soños que se fían e rompen, de verdade ou relato...

Hasta que la muerte nos separe reflexiona sobre a parella como construción social, cultural, económica e relixiosa. A filla é obxectivo, pagamento, escusa, xustificación, pero, finalmente, sempre ocupa o terceiro lugar. A sociedade evoluciona, a idea occidental de familia, non.

ADULTO

TEATRO

75 MINUTOS

Autoría e dirección

Emilio del Valle

Asistente de dirección

Estefanía Ramírez

Diseño de iluminación

José Manuel Guerra

Escenografía e attrezzo

Florencia Nin

Diseño de vestuario

Ana Rodrigo

Audiovisual e deseño gráfico

Jorge Muñoz

Música orixinal

Nacho Vera (Capitán Bazofia)

Fotografía

María Alperi

Vídeo

Cinema Oeste

Producción executiva

A Fuego Lento, gestión y creación

Distribución

Carlos M. Carbonell
- CRÉMILLO

Elenco

Rosa Manteiga
Jorge Muñoz
Nacho Vera (Capitán Bazofia)

A compañía

Inconstantes Teatro é unha das compañías madrileñas máis lonxevas, cuxa liña de traballo que se caracteriza pola contemporaneidade das súas propostas, por poñer os contidos no eixe do seu traballo e o respecto profundo ao actor.

Entre as súas producións destacan *El Rey Lear*, de R. García, *La vida es sueño*, de Calderón, *Abre el ojo*, de Fco. de Rojas, *La lluvia amarilla*, de J. Llamazares, ou *Antígona Siglo XXI*, de Sófocles. En 2020 produciu *J'attendrai*, de J.R. Fernández, espectáculo polo que Emilio del Valle, director artístico da compañía, recibiu o premio ADE 2021 á mellor dirección.

A compañía contratou máis de dous centenaes de profesionais ao longo de case 30 anos de historia. Percorreu os principais escenarios madrileños, así como o resto de España, Francia e América do Sur.

Contratación

Carlos M. Carbonell

678 460 559
cmcarbonell@cremilo.es
www.cremilo.es



Alleo

Colectivo Glovo

Mércores 31 de maio | 12.30 h
Praza de San Martiño Pinario

Todo comeza alí arriba, onde albiscamos o que acontece e se rexistra o alleo do campo e do mar. Desde a miña posición apréciase a verdade; a torre é cálida, é laranxa. Os raios de sol fúndense nas fisuras e rompen baixo pedras rotundamente terreais. Aquela ardente soidade queima e destrúe o privilexio do indicio, deixándonos no abandono ante a eterna inmensidade.

Alleo baséase na idea da atalaia. Parte do condicionamento da "privilexiada" posición da torre e de quen desempeñaba o papel da vixilancia. Habitamos ambos corpos: o poder que outorgaba o coñecemento do descoñecido e do que estaba por vir, así como a soidade desa posición e do peso do descubrimento do alleo.

TODOS OS PÚBLICOS
DANZA, ARTES DO MOVEMENTO
15 MINUTOS

Autoría
Colectivo Glovo

Dirección
Esther Latorre
Hugo Pereira

Son
Collage

Vestuario
Jandro Villa

Apoio en xestión
Manu Lago

Elenco
Esther Latorre
Hugo Pereira

Co apoio de INAEM-
Ministerio de Cultura-
Gobierno de España, Red
Acioabierto 2023, Danza
a Escena 2023 e Galicia
Danza Contemporánea

AZ Fotografía



A compañía

Colectivo Glovo é unha compañía de danza galego-portuguesa con sede en Galicia, codirixida por Hugo Pereira e Esther Latorre.

A compañía busca aportar semente ao tecido artístico presente na comunidade, xerando espazos de colaboración con outros artistas, non só en Galicia senón tamén con proxección internacional.

Formou parte do circuíto Red Acioabierto 2020 e 2023, do catálogo Danza a Escena 2021 e 2023, do catálogo de recomendación Programa.cat 2023 de Cataluña. Presentou os seus traballos en feiras como MAPAS, Feria Internacional de Teatro y Danza de Huesca ou Galicia Escena Pro, entre outras. Coas súas pezas recibiu diferentes mencións e premios en festivais europeos.

Contratación

Hugo Pires
604 002 295
colectivoglovo@gmail.com
www.colectivoglovo.com

Vestirme de ti

Furia Sotelo

ESTREA | Mércores 31 de maio | 12.30 h
Praza de San Martiño Pinario

Vestirme de ti é unha metáfora das relacións humanas e a interdependencia que se crea cando interactuamos con outros individuos.

A peza critica a exaltación da independencia que nos transmite o sistema de consumo no que vivimos e defende a necesidade de apoio mutuo nas nosas relacións.

Un dúo de danza para rúa ou espazos non convencionais que reflexiona sobre o equilibrio entre opostos.

ADULTO
DANZA CONTEMPORÁNEA,
ESPECTÁCULO DE RÚA
15 MINUTOS

Creación e coreografía
Clara Ferrao
Maximiliano Sandford
Nuria Sotelo

Dirección
Maximiliano Sandford

Colabora
A Casa Vella

Intérpretes
Clara Ferrao
Nuria Sotelo

Furia Sotelo

A compañía

Licenciada Sotelo aparece en 2010 coa presentación do solo de Nuria Sotelo, dirixido por Ana Vallés, *Métanse nos seus asuntos*. A partir dese momento, Nuria Sotelo, co corpo e o movemento como centro, camiña na procura dunha linguaxe escénica ecléctica e multidisciplinaria. As oito pezas producidas pola compañía participaron en redes de teatros autonómicos, nacionais e en festivais nacionais e internacionais de teatro, danza e artes performativas. A obra *Ensaio amor* foi premiada na 30.ª edición do Certamen Coreográfico de Madrid. Co seu último espectáculo de sala, *Mortais e vulnerables*, Licenciada Sotelo dá paso a Furia Sotelo, lugar no cal se constrúe *Vestirme de ti*.

Contratación

Lilian Portela - AMARELO
Distribución Escénica

610 106 808
lilian@amarelo.es
www.amarelo.es

Outrora nós Mevadeus

Mércores 31 de maio | 16.30 h
Auditorio ABANCA

Catro mozos fan unha viaxe entre pasado e presente coa intención de saber quen seríamos nós antes de nós.

Nun contexto onde a violencia contra o colectivo LGTBIQ+ e as mulleres pon en dúbida os nosos dereitos, os relatos das persoas que viviron nas marxes deben poñerse no foco.

O amor e a tradición son o fío condutor desta peza que se pregunta como o desexo de amar e ser amados nos forma, nos conforma ou nos deforma. Unha mocidade que se atopa para atopar respostas sobre a identidade, tendo a valentía de cuestionar quen son e cara a onde van, co desexo de evitaren os erros dun pasado que aínda nos pertence.

Outrora nós é a evolución da obra ganadora do Xuventude Crea 2021, *Agro 5G*. Ganou o terceiro premio ao espectáculo mellor valorado polo público na programación de Vigocultura 2022.

ADULTO
TEATRO
60 MINUTOS

Autoría
Mevadeus
Alba Villar

Dirección
Alba Villar

Escenografía
As Dúas e Punto
(Carmen Casal e
María Torres)

Iluminación
As Dúas e Punto
(Carmen Casal e
María Torres)

Son
As Dúas e Punto
(Carmen Casal e
María Torres)

Vestuario
As Dúas e Punto
(Carmen Casal e
María Torres)

Música
Mevadeus

Elenco
Mara Neira
Inés Santos
Bal Castro
Brais Pombo

Carlota Mosquera



A compañía

Mevadeus nace pola necesidade de catro profesionais da interpretación que, tras formárense na ESAD de Galicia, deciden continuar investigando as artes do corpo e o teatro físico.

A compañía busca en profundidade a natureza humana mediante a experimentación dos corpos e o espazo sonoro, utilizando instrumentos propios do folclore galego, a voz e gravacións documentais, tratando temáticas nas que se vexan reflectidas as preocupacións da súa xeración, a xeración Z, e creando un teatro que busca o íntimo, que conecta todas as persoas a través dun discurso propio, honesto e reivindicativo. Mevadeus está formado por Bal Castro, Inés Santos, Brais Pombo e Mara Neira.

Contratación

Lilian Portela - AMARELO
Distribución Escénica

610 106 808
lilian@amarelo.es
www.amarelo.es / www.mevadeus.com

Sofá

Marta Alonso Tejada Cía.

Mércores 31 de maio | 18.00 h

Salón Teatro

Sofá é unha *sitcom* de danza con teatro, circo e música en directo.

Marta e Pablo coñecéronse bailando e xa non teñen tempo para facelo porque traballan moito. Son dous fervellos e a parella que menos usa o sofá. Non son capaces de parar. Cren que van solucionar os seus problemas de desconexión facendo un espectáculo no que bailen cun sofá. Porque o sofá é o lugar onde se atopan as parellas ao final do día para estar xuntas ou descansar. Pero non logran comezar o espectáculo. Calquera interrupción é un bo motivo para seguir nun bucle cara a adiante. Porque parar supón enfrontarse a unha mesma e abrazar a incerteza, o baleiro. Parar para empezar o espectáculo, acabar para comezar.

ADULTO

DANZA, COMEDIA, TEATRO, CIRCO

70 MINUTOS

Creación e interpretación

Marta Alonso
Pablo Reboleiro

Dirección

Marcos PTT

Movemento e coreografía

Cía. Sharon Fridman
(Melania Olcina Yuguero
e Arthur Bernard Bazin)

Dramaturxia e guión

Marta Alonso
Daniel D. García
Marcos Petete
Pablo Reboleiro Rama
Déborah Vukušić

Coordinación de guión

Daniel D. García

Espazo sonoro

Mounqup
Pablo Reboleiro

Realización de escenografía

Jose Perozo
Sandra Camalea

Estilismo

Paula Quintas

Iluminación

Ángel Sousa

Atrezzo

Carlota Mosquera

Audiovisuais

Sabela Eiriz
Carlota Mosquera

Espectáculo
subvencionado pola
Axencia Galega das
Industrias Culturais

Coproduce a Mostra
Internacional de Teatro
de Ribadavia. Colaboran
o Concello de Outes e o
Concello de Rianxo. Co apoio
de Danza Alfaia, Galicia
Danza Contemporánea
e Determinada Co.

A compañía

A danza, o humor, a mestura de linguaxes escénicas que se achegan ao teatro e ao circo, a interacción co público e a proximidade xeran nas súas creacións unha atmosfera particular do cotián, do natural e do común, que se comparte na escena.

Marta Alonso Tejada estrea a peza *Bailar agora* en 2020. Este traballo recibe o premio a mellor espectáculo de Las Noches del CCAI, FETEN 2022; premios María Casares a mellor actriz principal, a mellor iluminación e mellor dirección en 2021; MIT Ribadavia 2021; 3.º premio do público a mellor espectáculo Fetega 2021.

Sofá (2023), *Dancin'Queen* (2021) e *Discoteca de señoras* (2021) son outros traballos da compañía.

Espectáculos



Contratación

Lilian Portela - AMARELO
Distribución Escénica

610 106 808
lilian@amarelo.es
www.amarelo.es

In-gobernable

Uxía Morán

Mércores 31 de maio | 20.00 h

Teatro Principal

Cantas veces quixeches cambiar as cousas? Que farías para vivir consonte as túas crenzas? Valo intentar dunha vez ou vas estoupar coma unha castaña?

In-gobernable é a campaña política dunha actriz. Unha soñadora rebelde que, cansa de apandar coas súas circunstancias, crea un partido político, a partir da súa historia persoal, para gobernar no seu espazo e facer do seu un mundo mellor. Coa axuda da man dereita chega a soltar todo o peso que leva enriba nun vómito romántico, anarquista e xeneroso.

Votarías por ela? Votarías polas súas ideas?

Pénsao. Poderías ser ti. Polo de agora, convidámote á festa *In-gobernable*.

A PARTIR DE 16 ANOS

TEATRO PERSOAL, TEATRO DOCUMENTO,
TEATRO POLÍTICO, DRAMEDIA

80 MINUTOS

Autoría
Déborah Vukušić

Dirección
Déborah Vukušić

Escenografía
Laura Iglesias
Borja Fernández Vázquez

Iluminación
Violeta Martínez Rivera

Vestuario
Reinita Castaña

Audiovisuais
Carlota Mosquera

Elenco
Antea Rodríguez Rial
Uxía Morán

A compañía

A compañía nace desde a emerxencia cultural que vive a cidade de Ourense e co propósito de facer algo que chegue a todo o mundo; todo o mundo desta cidade, quero dicir, ou desta vila, ou aldea ou o que sexa isto, tanto estatal como mentalmente. Chegar a canta máis xente mellor. E decateime de que a forma máis efectiva era facéndoo desde a honestidade máis brutal, creando espectáculos como este primeiro, *In-gobernable*.

Contratación

Uxía Morán González

637 341 122
uxgm@hotmail.com



MULTIPERSPECTIVAS #2

Paula Quintas Cía.

Xoves 1 de xuño | 11.00 h

Fundación SGAE

MULTIPERSPECTIVAS #2, de Paula Quintas, é unha proposta orixinal e innovadora que parte da perspectiva do espectador como reflexión contemporánea. Combina improvisación teatral, danza e circo, deixando espazo para a interacción co público. Unha proposta que experimenta cos límites das artes escénicas para enfrontarse coa realidade do espazo que nos rodea.

TODOS OS PÚBLICOS
INSTALACIÓN DE CIRCO-
DANZA-IMPROVISACIÓN

45 MINUTOS

Creación

Paula Quintas
Rut Balbís
Arturo Cobas
Antón Coucheiro

Dirección e coreografía

Arturo Cobas
Rut Balbís

Intervención sonora

Arturo Cobas

Técnica de arame

Stephanie Bouchard

Vídeo

Margherita Morello
(16 Thunders)

Xestión

Manu Lago - Galicia
Danza Contemporánea

Intérpretes

Paula Quintas
Arturo Cobas
Antón Coucheiro

Espectáculo
subvencionado pola
Axencia Galega das
Industrias Culturais



A compañía

Paula Quintas Cía. traballa o movemento a través de espectáculos de danza, circo, performance e os seus límites desde 2014 e en diferentes formatos, como artes vivas ou vídeo-circo-danza.

Actualmente ten varios espectáculos en cartel: *O salón dos pasos perdidos* (2023), coprodución co Centro Coreográfico Galego, *Multiperspectivas* (2023), *Nina Ninette* (2021) con Determinada Compañía, *SET* (2020), *Plastic* (2018) e *Analepsis* (2017).

Contratación

Lilian Portela - AMARELO
Distribución Escénica

610 106 808
lilian@amarelo.es
www.amarelo.es

3240

DeuVe

Xoves 1 de xuño | 12.30 h

Auditorio ABANCA

Esta obra de teatro xurdiu da paixón polo músico Nick Cave. *3240* pode ser o título dunha película de Wong Kar-Wai, a matrícula dun coche ou o contrasinal dunha caixa forte, pero, en realidade, é o prezo do amor. O amor por un mito. Que pasaría se a persoa á que sempre admiraches se puxese en contacto contigo? Que farías por coñecela? Canto custa un litro de endorfinas?

Unha historia baseada en feitos reais sobre relacións en liña, mitomanía e estafas. Un relato gótico e romántico para falar en clave de humor da tecnoloxía, do *catfishing* e todos os ING aos que a protagonista lles debe cartos por culpa da necesidade de sentirse amada. Axudaralle esta peza a recuperarse? Axúdala ti?

ADULTO

TEATRO CONTEMPORÁNEO,
MUSICAL, DANZA, TRAXICOMEDIA

70 MINUTOS

Autoría
Déborah Vukušić

Dirección
Cristina Moreira

Escenografía visual
José Ramón Bas

Iluminación
Javier Quintana

Son
Jesús Andrés Tejada

Vestuario
Jandro Villa

Colaboracións especiais
Antea Rodríguez
Monti Castiñeiras
Marielvy Martínez
Cecilia Vázquez
Humy Donado
Tito Asorey (como Nick Cave)

Asesoramento coreográfico
Marta Alonso Tejada

Produción
Grial Montes

Distribución
Artyc Content

Elenco
Déborah Vukušić

Óscar Lourés



A compañía

DeuVe naceu en 2019 coa peza *Guerra de Identidade*, adaptación do poemario homónimo, que se converteu nun monólogo baseado na propia historia da autora e intérprete, filla dun criminal de guerra que buscaba a verdade e o amor de seu pai.

3240 é o segundo proxecto da compañía, máis ambicioso, pero igualmente emocionante, sobre os amores nas redes, as estafas e a mitomanía, cheo de rock and roll e poesía.

Contratación

Rubén Coca
605 805 101
contratacion@artyc.es
www.artyc.es

Iphixenia na porta do súper Compañía Humana

Xoves 1 de xuño | 16.30 h
Teatro Principal

Unha revisión contemporánea do mito clásico de Eurípides. Unha brillante versión, do galés Gary Owen, premiada como mellor texto de 2015 nos UK Theatre Awards for Best New Play. Estreada xa en varios países cun éxito rotundo. Agora chega por primeira vez a Galicia e en galego este emocionante e necesario monólogo que fala das consecuencias dos recortes sociais, a través da vida da súa protagonista de clase baixa. Unha personalidade magnética, directa, que nos amosa sen filtros e con humor a humanidade que se esconde tras as colas na atención primaria, o recorte de camas hospitalarias, a ausencia de médicos...
Unha historia de sacrificio, dignidade e esperanza.

A PARTIR DE 12 ANOS
TEATRO
75 MINUTOS

Autoría
Gary Owen

Dirección
Sara Rey

Adaptación
Fran Peleteiro
Alba Caneda

Tradución
Compañía Humana

Escenografía
As Dúas e Punto

Iluminación
As Dúas e Punto

Vestuario
Compañía Humana

Espazo sonoro
Marcos Grandal

Elenco
Alba Caneda

Espectáculo
subvencionado pola
Axencia Galega das
Industrias Culturais

Fran Peleteiro



A compañía

Compañía Humana é unha produtora galega de teatro de recente creación, promovida por Antela Cid e Fran Peleteiro, profesionais da escena con máis de vinte anos de experiencia en proxectos escénicos e audiovisuais. As claves da compañía son os espectáculos de corte social dirixidos a público adulto e adolescente, con textos conectados coa nosa realidade e cos mellores talentos da interpretación. O seu nome alude á nosa condición neste mundo cada vez máis dixitalizado, onde atoparse é unha necesidade. O teatro é a arte do humano. O encontro entre persoas que se acompañan nun espazo e tempo comúns para imaxinarse como sociedade. Humana é a nosa condición e Humana é a nosa compañía.

Contratación

Fran Peleteiro
610 975 158
companiahumana@gmail.com
www.companiahumana.com

Backstage NegroLópez

Xoves 1 de xuño | 18.00 h

Praza de Mazarelos

Un músico está a piques de dar un concerto en solitario. Antes de que chegue o público, prepárase entre bambolinas. Inmediatamente comezan os problemas: non atopa as cousas, perde as partituras, ponse nervioso... E todo porque o rexedor do teatro é todo un... pallaso. Durante o transcurso da peza, a través do humor físico, a música e o xogo constante co espectador, veremos a parte máis divertida do que sucede antes de saír a escena. Porque, ás veces, o mellor dos espectáculos ocorre tras o pano.

FAMILIAR E INFANTIL, A PARTIR DE 6 ANOS

CLOWN

50 MINUTOS

Autoría

Iván Davila

Dirección

Chiqui Pereira

Escenografía e iluminación

José Faro "Coti"

Música e espazo sonoro

Brais Iriarte

Deseño do cartel

Lucía Sánchez

Elenco

Iván Davila

Brais Iriarte

Espectáculo
subvencionado pola
Axencia Galega das
Industrias Culturais

Colaboran Limiar Teatro,
SVCD Nautilus,
Nononon.Lab e
Triton Guitars



Carlota Mosquera

A compañía

NegroLópez é unha compañía formada por Iván Davila (actor e clown) e Brais Iriarte (actor e músico).

Poñendo en común as nosas inquedanzas, buscamos unha linguaxe que fale da nosa realidade social e cultural. Utilizamos o humor como medio de expresión, tendo sempre en conta o público ao que nos diriximos.

Comezamos a nosa andaina dispostos a dalo todo por sorprender e entreter, valéndonos da crítica social e do humor absurdo, ferramentas indispensables para espertar consciencias e rirnos das nosas miserias.

Contratación

Iván Davila

628 789 623

somosnegrolopez@gmail.com

somosnegrolopez.wixsite.com/my-site

Unha inimiga do pobo

Talía Teatro

Xoves 1 de xuño | 20.00 h

Salón Teatro

Helena é unha doutora de prestixio internacional que regresa á vila natal para comezar unha nova etapa. Embarazada de sete meses, afronta o seu novo estado coa ilusión posta nun novo proxecto profesional: o balneario que ela mesma deseñou e que se presenta como unha alternativa turística sostible e saudable para a súa vila. A inesperada contaminación das augas da zona e a súa loita por preservar a saúde da poboación fronte aos intereses económicos vana colocar no punto de mira da veciñanza, que ve como se pon en risco a prosperidade da comunidade.

ADULTO
TEATRO
95 MINUTOS

Autoría
Henrik Ibsen

Dirección
Tito Asorey

Dramaturxia
Vanessa Sotelo
Tito Asorey

Escenografía
Dani Trillo

Iluminación
Laura Iturralde

Espazo sonoro
Manu Abalades

Vestuario
Martina Cambeiro

Fotografía e vídeo
Rubén Prieto

Axudante de dirección
Martina Cambeiro

Produción e distribución
Auri Ferreiro
Artur Trillo

Elenco
Marta Lado
Toño Casais
Dani Trillo
Rubén Prieto
Marta Ríos
María Ordóñez
Diego Rey
Artur Trillo
Xurxo Barcala

Espectáculo
subvencionado pola
Axencia Galega das
Industrias Culturais

Rubén Prieto



A compañía

Talía Teatro formouse no ano 1988 como compañía de teatro afeccionado e deu o salto ao teatro profesional no ano 1996.

É unha compañía cunha traxectoria de máis de trinta anos que persegue a dignificación das artes escénicas como transmisoras dos nosos valores culturais. Conta cun equipo de traballo estable, dedicado á creación e distribución de espectáculos teatrais, á formación teatral e á produción de eventos culturais. Dispón dunha grande oferta de espectáculos de diferentes formatos e temáticas, e que atenden a distintos públicos. Espectáculos con selo propio, coidados artística e esteticamente e que definen un estilo e unha forma de facer teatro.

Contratación

Artur Trillo
630 877 153
info@taliateatro.gal
taliateatro.gal

Auri Ferreiro
981 943 242
info@taliateatro.gal
taliateatro.gal

Actividades PRO



Galicia
Escena
PRO

20
23

Espectáculos en formato pitching

Anöa Elvi Balboa

Luns 29 de maio | 13.00 h
Centro Obra Social ABANCA

Aquilo íntimo que é público.

Anöa é un proxecto multidisciplinario que provoca o encontro entre a instalación e a danza e que quere explicar poeticamente as novas relacións do corpo do individuo coa súa intimidade e o resto do mundo. Esvaecer os límites, para que o doméstico quede exposto, axúdanos a valorar o vulnerable.

O proxecto preséntase como un escaparate onde experimentar a distorsión da vida íntima. Os nosos inquilinos serán un reflexo alterado da realidade. Viven o aquí e o agora do espazo físico que ocuparán, pero, á vez, tamén habitarán outros espazos non físicos, como redes sociais e pantallas.

Contacto

Elvi Balboa

670 324 463

elvibalboacia@gmail.com

www.vimeo.com/elvibalboa

Compañía Xampatito Pato

Luns 29 de maio | 13.00 h
Centro Obra Social ABANCA

A idea principal desta obra nace da necesidade de crear imaxes e escenas coas que o espectador se poida trasladar a un mundo surrealista e onírico, e poder pasar así un bo anaco onde o único importante sexa desfrutar e deixarse levar pola risa e a beleza do creado.

Unha personaxe soa á busca de compañía, que viaxa a través do seu imaxinario para ir tornando realidade o que xorde na súa cabeza. Deste xeito consegue sentirse acompañada para percorrer xunto ao público un camiño de sorpresas e humor.

Contacto

Jesús Velasco Otero

606 724 305

xampito@hotmail.es

xampito.wixsite.com/xampatitopato

Kyoki Elefante Elegante

Luns 29 de maio | 13.00 h
Centro Obra Social ABANCA

Kyoki é unha creación destinada ao público familiar, a partir dos tres anos. "Kyoki" significa demencia en xaponés e refírese a unha alteración da capacidade para recordar, pensar ou tomar decisións. É certo que adoita aparecer en persoas de idade avanzada, mais... quen non esqueceu nunca onde puxo a caixa das galletas? Ou, por distracción, vestiu o xersei do revés?

Retratando un deses días catastróficos, *Kyoki* é unha homenaxe a todas as persoas maiores que, perdendo a cabeza, recobran a inocencia que o tempo e as inclemencias do camiño un día levaron. A través dunha linguaxe xestual, o espectáculo crea un universo cómico e poético que viaxa do realismo á hipérbole da vida cotiá.

Contacto

Xurxo Prieto

664 803 801

teatro@elefanteelegante.net

www.elefanteelegante.net

Monstros Produccións Teatrais Excéntricas

Luns 29 de maio | 13.00 h
Centro Obra Social ABANCA

Monstros é un espectáculo orientado a un público escolar e familiar cun elenco de primeira: Patricia Vázquez, Rocío González e Víctor Mosqueira, e coa música en directo de Piti Sanz. Este elenco desenvolverá as moitas historias que exploran os nosos medos, utilizando a técnica do clown. A vella arte dos pallasos, que parodia sen maldade, critica sen intención e que nos reconcilia coa nosa alma infantil. Un espazo escénico case nu e a música en directo axudarán a levarnos de paseo polos ambientes máis sinistros.

Quen son as autoras desta farsesca viaxe ao planeta do medo? María Lado e Lucía Aldao. Quen dirixe este festival do humor e do terror? Marcos Orsi.

Estrea: 24 de febreiro de 2024,
Fórum Metropolitano da Coruña

Contacto

Rubén G. Pedrero

618 752 105

ruben.excentricas@gmail.com

www.excentricas.net

Nanai da China Pérez&Fernández

Luns 29 de maio | 13.00 h
Centro Obra Social ABANCA

Nanai da China é un espectáculo de teatro onde os monicreques, os obxectos e os actores se fusionan para representar un orixinal relato de aventuras, sabedoría e humor destinado a un público familiar.

Nanai da China é unha nena que naceu unha noite sen lúa. Os seus veciños rexéitana dende que nace, por pura superstición. Ela só sabe dicir "non!" e axudarlle a seu avó a cultivar o arroz máis delicioso desta beira do Yangtsé, en compañía de Chispúm, un simpático búfalo de auga. Para loitar contra a estúpida superstición da xente, Nanai e seu avó elaboran un plan que... non sae todo o tempo tan ben como debería.

Contacto

Victoria Pérez

657 363 735
cia.perezyfernandez@gmail.com
www.perezyfernandez.com

Emi Candal

619 920 335
emicandal@urdime.net

Perder a lingua Eva Comesaña

Luns 29 de maio | 13.00 h
Centro Obra Social ABANCA

Perder a lingua é perder a fala.

Ao analizar o espectrograma da lingua, as liñas quebradas que debuxan as gráficas parécense bastante a unha paisaxe. Aí naceu a pregunta: e se resulta que o idioma e o territorio están aínda máis conectados do que pensabamos?

Voz, danza e visuais únense neste proxecto para falar de habitar e sentir, de vivir aquí e falar así. De mirar de novo o que nos rodea, de defender o dereito a ser; de raíz e de paixón.

Rubén Fernández crea toda unha rica e densa paisaxe sonora coa súa voz e un *loop*. Eva Comesaña dálle corpo e movemento a esta xeografía e Eva Antelo é a encargada das proxeccións que acompañan o espectáculo.

Contacto

Eva Comesaña

660 788 376
eva.cs93@gmail.com
evacs93.wixsite.com/portfolio

X Fran Sieira, compañía de danza

Luns 29 de maio | 13.00 h
Centro Obra Social ABANCA

O xénero e as súas formas de operar en diferentes ámbitos da cotiandade, no noso folclore e, en particular, no baile tradicional galego. A necesidade de investigar a través do corpo, permitíndonos explorar a relación entre o xénero e a nosa tradición, para identificar en que medida o noso movemento perpetúa ese nesgo de xénero e intentar desligalo da práctica, do noso baile, da nosa cultura.

X é unha peza de 60 minutos de duración para un elenco de oito bailadores e bailadoras despoñadas de estritas normativas que non fan senón limitar o noso corpo e o noso movemento, co fin de redescubrir a nosa tradición, aproximarnos a ela e facela nosa dende outro lugar moito máis amable co corpo.

Contacto

Francisco Agustín Sieira González

605 089 341
fran@fransieira.com
www.fransieira.com

Birds on a Wire Pistacatro

Mércores 31 de maio | 13.30 h
Centro Obra Social ABANCA

Birds on a Wire, peza multidisciplinaria en que o circo, a danza, a danza vertical, o teatro e o audiovisual conviven para crear un traballo coral que investiga o límite entre o interior e o exterior das persoas, tanto física como emocionalmente. Nunca como ata o de agora tivemos tan presentes eses límites, que, fisicamente, se materializaron nas paredes das nosas casas e, emocionalmente, na separación entre as persoas.

Pistacatro propón, na súa investigación e uso das novas dramaturxias no circo, unha reflexión sobre as fronteiras, entre o "fóra" e o "dentro", creando unha fermosa alegoría escénica entre o corpo físico, achegado á terra, e a imaxinación, que abre portas e xanelas infinitas.

Contacto

Belém Brandido

627 778 351
distribucion@pistacatro.com
www.pistacatro.com

Deadpan Karaoke Ibuprofeno Teatro

Mércores 31 de maio | 13.30 h
Centro Obra Social ABANCA

Deadpan, que en inglés significa cara morta, baleira de expresión.

Karaoke, do xaponés *kara* "baleiro" e *oke* "orquestra".

Espectáculo unipersoal de carácter participativo que propón como ingredientes principais o absurdo, a estupidez, a sorpresa, a comedia, a música e o cine, todo enmarcado nun espazo que transite do real ao onírico. Queremos explorar a comedia e os seus límites desde unha perspectiva de xénero e abordando a temática do amor nesta época tardocapitalista.

Deadpan é unha personaxe incapaz de sentir e de expresar emoción, o que lle outorga a autoridade e a claridade necesarias para descifrar o universo do amor. Podemos, nesta sociedade de narcisismo extremo, lanzarnos ao baleiro do amor?

Contacto

Santiago Cortegoso Calvar

696 730 037

ibuprofenteatro@

ibuprofenteatro.com

www.ibuprofenteatro.com

Entrega en man Contraproducións

Mércores 31 de maio | 13.30 h
Centro Obra Social ABANCA

Espectáculo con texto de Martin MacDonagh e adaptación e dirección de Cándido Pazó. O elenco está formado por Evaristo Calvo, Santi Romay, María Roja e Igor Regalla. Unha coprodución co grupo Focus e coa colaboración da MTCF de Cangas. Unha comedia louca e denegrida na que, da man dun humor mordaz e corrosivo, zumega o tema do racismo, o machismo e a xenofobia.

Estrea o 25 de xuño de 2023 na Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.

Contacto

Belén Pichel

605 263 755

belenpichel@gmail.com

www.contraproductions.com

Frío A Feroz

Mércores 31 de maio | 13.30 h
Centro Obra Social ABANCA

Akaki, o funcionario, leva unha vida metódica, ordenada e, sobre todo, miserable. O seu abrigo está moi gastado, pasa frío, e o desexo aparece en forma de abrigo novo. Traballará arreo para conseguir o ansiado fin. Que pasará cando o consiga? Logrará vencer o frío?

Frío é un espectáculo de teatro físico e máscaras baseado nunha versión moi libre da extraordinaria obra de Nikolái Gógol *O abrigo*. Tomando o fío argumental da narración, técese unha trama escénica na que todos os elementos son barallados á luz de innumerables imaxes xeradoras de novos significados.

Así, *O abrigo* convértese en *Frío* nunha fábula máxica que fala do *fatum*, do desexo e da morte.

Contacto

Beatriz Romero

650 817 872

aferozferoz@gmail.com

www.aferoz.gal

Iribarne ButacaZero

Mércores 31 de maio | 13.30 h
Centro Obra Social ABANCA

Iribarne é unha investigación escénica sobre unha desas figuras absolutamente imprescindibles do noso pasado recente. Un intento (irreverente) por comprender como chegamos ata aquí da man dun político que, nas súas propias palabras, dicía as verdades sen condón. Pero ollo!, por máis que o poida parecer, isto non é un biopic sobre Manuel Fraga. Teríanos encantado facelo... pero non collía nunha soa obra!

Contacto

Juancho Gianzo

666 092 197

gianzo@butacazero.com

www.butacazero.net

A mediación cultural nas artes escénicas. Proxectos e dinámicas

Martes 30 de maio | 13.00 h
Centro Obra Social ABANCA

Adentrarse na importancia da mediación cultural nas artes escénicas e o seu impacto na creación de audiencias é o obxectivo desta mesa na que se presentarán as dinámicas e estratexias implementadas por tres dos proxectos de mediación máis relevantes na actualidade: os proxectos Ornitorrinco, iniciativa de La Red Española de Teatros, Auditorios, Circuitos y Festivales de titularidad pública; Audaces, da Asociación Internacional de Teatro para la Infancia y la Juventud (ASSITEJ), e o programa posto en práctica polo Teatro Art'Imagen de Maia, Portugal.

Con estes proxectos como referentes, analizaranse as iniciativas e tácticas que poden desenvolverse nos espazos culturais para lograr unha maior conexión coa cidadanía, a busca de puntos de conexión entre as organizacións públicas e privadas e os retos e desafíos que se presentan para contribuír a xerar un impacto social positivo que permita o achegamento das artes escénicas a un público amplo e diverso.

Interveñen

Grego Navarro

Xerente do Teatro Gayarre, Pamplona.
Proxecto Ornitorrinco.

Cristina Alonso

Codirectora do Teatre L'Artesà, de El Prat de Llobregat.

Gonzalo Moreno

Xerente de ASSITEJ.
Proxecto Audaces.

José Leitão e Sofia Leal

Responsables do Teatro Art'Imagen de Maia, Portugal.

Modera

Juan Rodríguez

Codirector da compañía Caramuxo Teatro e director de Pedras de Cartón.

O circo e a danza nas feiras e circuítos estatais

Xoves 1 de xuño | 13.30 h
Centro Obra Social ABANCA

Xuntanza que servirá para reflexionar sobre o papel do circo, a danza e as artes do movemento nas feiras e nos circuítos de programación estatais e a súa visibilidade dentro das programacións escénicas.

Coa exposición de diferentes proxectos de acompañamento e coprodución que se están desenvolvendo actualmente, abordarase o papel que as organizacións teñen na promoción e no fomento destas artes e a maneira de establecer relacións máis efectivas entre os axentes culturais, administracións, feiras, festivais e público para maximizar o impacto destas disciplinas, que contribúen a enriquecer a oferta artística das programacións.

Interveñen

Cristina Cazorla

Codirectora de Trapezi, Fira del Circ de Catalunya.

Anna Giribet

Directora artística de Fira Tàrraga.

María José Mora

Directora de Dansa València.

María Paredes

Coordinadora de GEP 2023.

Modera

Belém Brandido

Directora de Pistacatro.

www.agadic.gal
www.galiciaescenapro.gal

Zona PRO

Centro Obra Social ABANCA

Praza de Cervantes, s/n
Santiago de Compostela

Acreditacións e información

Horario: de luns a xoves,
de 9 a 14 h e de 16 a 19 h

Espazo de traballo e encontros profesionais

Horario: de luns a xoves,
de 9 a 14 h e de 16 a 19 h



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



Escena Galega



CONCELLO DE
SANTIAGO

//Afundación
Obra Social ABANCA

Feira asociada á

cofae
COORDINADORA DE
FERIAS DE ARTES
ESCÉNICAS